

## DOADORES DE HONRA

BIBLIOTECA PÚBLICA CCAR DE VALADARES



### FAMILIA "DE CASTRO GARCÍA"



Manuel de Castro García naceu en 1936. Fillo da posguerra, vén dunha familia xa carismática, pois o seu pai era Don Manuel de Castro "Handicap", un dos fundadores do Celta de Vigo, famoso cronista deportivo e impulsor do deporte en Vigo, xunto co seu irmán Fernando, ambos con monumentos e recoñecementos na nosa cidade. É irmán tamén de Cristina de Castro, insigne fundadora do Apostolado del Mar. Manuel sempre quisu ser médico, máis os seus designios foron pola ensino, toda unha vida de mestre e xefe de estudos como perito industrial na Escola Náutica Pesqueira de Vigo axudando a facerse á mar a miles de mariñeiros, mariscadores e capitáns. Sendo un home de ciencias a súa paixón pola historia, a literatura e a súa fonda inqueda pola natureza humana levárono a converterse nun voraz lector e coleccionista de novelas e ensaios. Foi xa con 50 anos cando decidiu matricularse en Historia na Universidade de Santiago e comezar a súa afección como "historiador".

Estudioso e admirador de Aníbal Barca e de Fernando de Magallanes, Manuel de Castro lánzase a escribir baixo a súa visión as magnas épicas das Guerras Púnicas (Las Guerras Púnicas, 3 volumes) e La Vuelta al Mundo, ambos editados e non publicados.

A colección de libros albergada pola familia ao longo de 60 anos reúne máis de 7000 volúmenes e máis de 8500 títulos. Ensaos, biografías, coleccións de grandes autores ou xéneros, libros de principios de século XX como da última década, compoñen unha rica e variada herdanza, que a familia "de Castro" cede á Biblioteca de Valadares con todo o seu agarimo.

